Objective(s):	Aid for consultancy in favour of SMEs (Art. 26) Aid for industrial property rights costs for SMEs (Art. 33) Aid for innovation advisory services and for innovation support services (Art. 36)
Aid instrument:	Direct grant
Case Type:	Scheme
Duration:	from 30.04.2009 to 31.12.2013
Notification or Registration Date:	24.02.2010
DG Responsible:	Competition DG
Publication on 20.07.2010:	Official Journal: <a href="#">JOCE C/197/2010</a> [disclaimer]

### c) Exercicio de funcións de arbitraje

O Consello Galego da Competencia ten recoñecida pola súa lei de creación, a realización de funcións de arbitraje, tanto de dereito coma de equidade, nos ámbitos que lle encomenden as leis ou que lle sexan solicitadas polos operadores económicos en aplicación da Lei 30/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, ou da norma que a substitúa.

Nos seus meses de existencia o Consello Galego da Competencia tampouco foi requirido para realizar funcións arbitrais en materia de competencia. Non obstante, esta función, recollida na nosa lexislación de competencia desde 1989, cada vez con maior amplitude, non ten acadado en España un efectivo desenvolvemento práctico, non existindo antecedentes nin no caso da Comisión Nacional de la Competencia nin das distintas Autoridades autonómicas de competencia españolas.

### d) Funcións consultivas

A configuración do Consello Galego da Competencia como órgano de carácter consultivo en materia de competencia constitúe unha das actividades que debe adquirir maior relevancia.

#### **Ampla lexitimación para solicitar ditame do Consello Galego da Competencia**

A Lei de creación do Consello Galego da Competencia recoñece no seu artigo 7 (“Funcións consultivas”), unha ampla lexitimación para solicitar a emisión de ditos informes consultivos, xa que tales informes poderán ser solicitados polo Parlamento de Galicia, polo Consello da Xunta de Galicia e polos seus conselleiros e conselleiras, así como polas corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como polas asociacións de consumidores ou usuarios e polas asociacións de empresarios ou produtores.

As solicitudes de ditame poderán versar sobre calquera cuestión relativa á competencia, o que permite aproveitar o alto grao de especialización do organismo no eido da libre competencia

De xeito especial, o citado precepto recolle, no seu parágrafo 1º, unha breve enumeración de supostos nos que “[e]n todo caso” o consello deberá emitir ditame.



Se trata das “*propostas de normas que afecten a competencia e, en particular, os anteproxectos de lei polos que se modifique ou derroque, total ou parcialmente, este texto legal, así como sobre os proxectos de normas regulamentarias que o desenvolvan.*”; “*os proxectos de apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, ou norma que a substitúa, desde a perspectiva do seu impacto sobre as condicións de competencia.*” e “*os anteproxectos de lei e proxectos doutras disposicións autonómicas de carácter xeral que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados.*”

Neste supostos especificamente enumerados pola vixente Lei 1/2011, o informe do Consello Galego da Competencia ten carácter preceptivo, aínda que non vinculante.

Ten especial interese o caso dos “*anteproxectos de lei e proxectos doutras disposicións autonómicas de carácter xeral que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados.*”, na medida en que con frecuencia as novas normas poden restrinxir a competencia, o que fai preciso valorar se a solución elixida para conseguir o obxectivo perseguido pola nova norma pode alcanzarse sen restrición algunha o do xeito menos restrictivo posible.

O Consello Galego da Competencia quere por de manifesto como, segundo as mellores prácticas ao respecto destacan a importancia de que o ditame lle sexa requirido polo propio órgano proponente da norma e na fase inicial da súa elaboración, é dicir, cando se dispoña xa dun texto articulado pero antes de que se inicie a solicitude doutros informes ou mesmo da fase de información pública, xa que deste xeito será posible detectar os posibles efectos anticompetitivos que puideran presentarse e elixir, no seu caso, de ser necesario, a opción que resulte menos restrictiva.

O Consello Galego da Competencia porá especial énfase en trasladar a todos os órganos da Xunta de Galicia a importancia da avaliación dos posibles efectos distorsionadores da competencia que poidan derivar do exercicio da potestade normativa, tanto na elaboración de proxectos de lei a tramitar polo Parlamento Galego, como no exercicio da potestade regulamentaria que corresponde á propia Xunta de Galicia.

### **Informes normativos**

Neste campo debemos destacar a elaboración de tres informes normativos elaborados a petición da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, da Consellería de Facenda, sobre proxectos de normas.

#### **Informes sobre os proxectos de apertura de grandes establecementos comerciais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia**

Neste ámbito o Consello Galego da Competencia emitiu, a solicitude da Dirección Xeral de Comercio, da Consellería de Economía e Industria, 7 informes desta natureza.

O estudo comparado do número de informes requiridos en 2011 respecto de anos anteriores, xa que o extinto Tribunal Galego de Defensa da Competencia tiña recoñecida idéntica función, permite avaliar un notable incremento no número de solicitudes de

apertura de grandes establecementos comerciais, o que pode interpretarse nun sentido positivo respecto das expectativas de recuperación da actividade económica en Galicia.

**Táboa \*.** Evolución no nº de Informes sobre proxectos de apertura de grandes establecementos comerciais

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Informes sobre instalación de grandes establecementos comerciais	8 <sup>5</sup>	3 <sup>6</sup>	10	6	0	1	7 <sup>7</sup>

### **Exercicio de función consultivas a petición de organizacións empresariais.**

Asemade, e a solicitude dunha asociación empresarial, concretamente, da Asociación de Empresarios de Materiales para la Construcción (ASEMACO), o Consello Galego da Competencia aprobou no 2011 un informe consultivo sobre a “Morosidade comercial”, salientando as seguintes conclusións:

- 1º O Consello Galego da Competencia quere pór de manifesto a súa preocupación polos efectos negativos que a morosidade comercial ten para o funcionamento libre e eficiente dos mercados.
- 2º O Consello Galego da Competencia entende que a vixente regulación española contida na Lei 15/2010, que modifica a Lei 3/2004 pola que se estableceron medidas de loita contra a morosidade é claramente contraria ao espírito da nova regulación comunitaria contida na Directiva 2011/7/EU, polo que se debería acometer o proceso de adaptación o máis rápido posible, sen esperar ao vencemento dos prazos concedidos para iso.
- 3º O Consello Galego da Competencia quere deixar claro que o incumprimento do disposto na normativa sobre morosidade non constitúe, en si mesma, unha infracción das normas da competencia e polo tanto a súa sanción excede ás atribucións recoñecidas a este organismo.
- 4º Non obstante o Consello Galego da Competencia podería actuar, mesmo de oficio, cando dito incumprimento teña a súa orixe nunha das condutas prohibidas pola lexislación de competencia, tales como un acordo entre empresarios para establecer prazos de pago comúns ou a imposición abusiva de prazos de pago excesivamente longos por unha empresa dominante.

### **e) Realización de estudos, informes sectoriais e recomendacións**

No ámbito da promoción da competencia en Galicia, o Consello Galego da Competencia desenvolveu no 2011 diversas iniciativas dirixidas a sectores específicos, que de xeito breve imos expor:

#### **Campaña para fomentar a competencia no mercado dos uniformes escolares en Galicia**

Neste ámbito debemos destacar a campaña realizada polo Consello Galego da Competencia ofrecendo indicacións sobre o funcionamento competitivo do mercado dos uniformes escolares en Galicia.

-----  
5. No 2005 tiveron entrada 9 expedientes, dos que se resolveron no mesmo ano 8.

6. En 2006 resolveuse o expediente GEC 9/2006, que tivo a súa entrada en 2005.

7. No 2011, emitiuse un novo informe relativo ao mesmo expediente que dera orixe ao Informe GEC 8/2005. Centros Comerciales Carrefour, S.A., Concello de Santiago de Compostela (A Coruña), por ter caducada a licenza concedida no seu día.

Con tal obxectivo, o Consello Galego da Competencia dirixiu unha carta a todos os centros escolares que utilizan uniforme escolar en Galicia para intentar pór freo aos elevados prezos que con frecuencia alcanzan estas pezas e outros equipamentos, como consecuencia da falta de competencia efectiva entre as empresas encargadas da súa comercialización.

O Consello Galego da Competencia destacou que o prezo dos uniformes é unha cuestión que repercute directamente no custo que teñen que soportar as familias de cara ao comezo de cada curso escolar, polo recordoulles aos centros escolares a importancia de cumprir a Lei de defensa da competencia, cuxa finalidade é protexer a competencia nos mercados en beneficio dos consumidores, quen son os principais beneficiarios da rivalidade entre os operadores, que se traduce normalmente en prezos máis baixos e mellores produtos.

Na súa comunicación aos centros, o Consello Galego da Competencia recórdalles que son titulares dos signos distintivos que utilizan como carta de presentación na sociedade (denominación, escudo, uniforme, no seu caso, etc.) e que, en virtude de devandita titularidade, poden lexitimamente vender os uniformes ou equipamentos que incorporan os seus signos distintivos ou permitir a outras empresas que os comercialicen -mediante o denominado “contrato de licenza”- a cambio dunha contraprestación económica, que pode consistir nunha porcentaxe do prezo de venda ao público do uniforme, unha cantidade fixa ou calquera outra forma de compensación.

Se o centro escolar optaba por esta segunda posibilidade, a de conceder unha licenza exclusiva a algunha empresa para comercializar os seus uniformes, debía ter en conta que a licenza a un único provedor tiña consecuencias negativas para os pais dos seus alumnos pois devandito provedor único, ante a ausencia de competencia, podería ofrecer prezos superiores ou peores condicións comerciais das que existirían se tivese que enfrontarse a empresas rivais. Por esta razón, o centro escolar debía permitir ás empresas que o desexasen comercializar os seus uniformes ou equipamentos, concedéndolles a oportuna licenza en condicións non discriminatorias.

No caso de o centro escolar optara por comercializar directamente os seus uniformes, os centros que se financiaran con fondos públicos (públicos e concertados), tampouco poderían impedir que outras empresas os comercializasen, previa solicitude da oportuna licenza.

Con esta comunicación, o Consello Galego da Competencia informaba aos centros escolares da necesidade de garantir a existencia de competencia entre os distribuidores de uniformes e outros equipamentos escolares, o cal redundará en prezos máis baixos e mellor calidade dos produtos para os pais dos seus alumnos, así como da obriga do centro escolar de cumprir as esixencias que lle impón a Lei de defensa da competencia, sen que puideran denegar arbitrariamente as licenzas dos seus signos distintivos ás empresas interesadas na súa distribución.

### **A competencias profesionais en materia de industria, enerxía e minas**

Tamén debe salientarse a colaboración do Consello Galego da Competencia coa Consellería de Economía e Industria respecto do conflito suscitado respecto das competencias profesionais en materia de industria, enerxía e minas.

Froito da dita colaboración a Consellería de Economía e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas publicou no DOG<sup>8</sup> a INSTRUCIÓN 6/2011, do 13 de maio, sobre competencias profesionais en materia de industria, enerxía e minas coa que se daba solución, de acordo coa posición das Autoridades da competencia, aos reiterados conflitos de competencias profesionais entre diferentes ramas da enxeñaría respecto á redacción, sinatura, execución e dirección de proxectos en materia de industria, enerxía e minas.

En relación coas competencias profesionais dos enxeñeiros de minas en materia de instalacións enerxéticas, o Consello Galego da Competencia emitiu informe o 5 de maio de 2011 cunha serie de observacións ao respecto, do que se achega copia para o seu coñecemento e aplicación do seu contido.

Sobre a base das conclusións do referido informe do Consello Galego da Competencia, a instrución ofrece o criterio sobre competencias profesionais, das diferentes ramas da enxeñaría para redactar, asinar, executar e dirixir proxectos en materia de industria, enerxía e minas.

O criterio establecido apoia-se na cualificación profesional e o abano de coñecementos que configuran o currículo académico de cada disciplina profesional («facultativo competente»), sen adscricións excluíntes que poidan dar lugar a «monopolios profesionais», salvo esixencia legal expresa.

Esta Instrución constitúe un interesante exemplo da colaboración que debe presidir as relacións entre as Autoridades de competencia e os órganos administrativos, tanto no que atinxe a elaboración de novas normas, como á aplicación das existentes, co obxecto de eliminar trabas ou obstáculos que dificulten o funcionamento competitivo dos mercados.

#### **f) Impugnación de actos e normas das administracións públicas autonómica ou locais da Comunidade Autónoma de Galicia suxeitas ao dereito administrativo dos que deriven obstáculos ao mantemento dunha competencia efectiva nos mercados.**

O Consello Galego da Competencia está lexitimado para impugnar perante a xurisdición competente os actos e as disposicións xerais de rango inferior a lei das administracións públicas autonómica ou locais da Comunidade Autónoma de Galicia suxeitas ao dereito administrativo dos que deriven obstáculos ao mantemento dunha competencia efectiva nos mercados.

Para o exercicio desta importante función o Consello Galego da Competencia precisa articular os medios técnicos precisos para o que asinará os oportunos convenios de colaboración que permitan o seu desenvolvemento do xeito máis eficiente posible.

#### **g) Funcións de colaboración e coordinación**

O Consello Galego da Competencia ten tamén atribuída a función de colaborar, no ámbito das súas funcións, cos organismos homólogos das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado.

-----  
<sup>8</sup> DOG Núm. 110, xoves, 9 de xuño de 2011, páx. 14044.

Neste campo a labor do Consello Galego da Competencia foi especialmente intensa, formando parte dos grupos de traballo creados no seno do Consello de Defensa da Competencia, que é o órgano de colaboración, coordinación e información recíproca entre o Estado e as Comunidades Autónomas para promover a aplicación uniforme da lexislación de competencia en España.

Durante o 2011 estiveron activos os Grupos de Traballo sobre Reforma normativa, Promoción da Competencia, Asignación de casos e coordinación, así como o relativo á Rede de Cooperación Órganos de Competencia (REC).

No seno do Consello de Defensa da Competencia aprobouse no 2011 as Conclusións do Grupo de Traballo de Promoción da Competencia (GTPC) en relación co “Impacto da Normativa Autonómica sobre as Condicións de Apertura de Establecementos Comerciais”, que analiza a problemática relativa a este tipo de establecementos comerciais na práctica desenvolvida nas diferentes Comunidades Autónomas.

Durante o 2011 o Consello Galego da Competencia non foi requirido por ningún xulgado con sede na Comunidade Autónoma de Galicia para a achega de información ou a presentación de observacións, nin se procedeu de oficio a súa presentación, pois non se ten constancia de que en ditos xulgados se presentaran demandas sobre cuestións relativas aos artigos 1 e 2 da Lei 15/2007, do 3 de febreiro de defensa da competencia.

O Consello Galego da Competencia é plenamente consciente da importancia desta función, coñecida como “*Amicus curiae*”, e o interese do mesmo en prestar toda a colaboración que sexa precisa para o exercicio da súa función xurisdiccional.

Tampouco o Consello Galego da Competencia foi requirido pola Comisión Nacional da Competencia para presentar informe algún en expedientes sobre concentracións económicas, nos termos previstos no artigo 58.1, segundo parágrafo, da citada Lei 15/2007.

Así mesmo, tampouco o Consello Galego da Competencia solicitou no 2011 informe algún aos reguladores sectoriais no marco dos expedientes incoados por condutas restritivas da competencia, de acordo co disposto no artigo 17 d) da Lei de defensa da competencia.

### **3.2.- A actividade da Subdirección de Investigación 2011**

O acontecemento máis destacado para o Consello Galego da Competencia no ano 2011 foi, sen dúbida algunha, o inicio das actividades da Subdirección Xeral de Investigación (de adiante SUBDIC). Herdeira do traballo do Servizo de Defensa da Competencia de Galicia, non o foi porén do seu encadramento organizativo nin das facultades de investigación.

En virtude da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia, a SUBDIC xa non depende do órgano superior da Consellería de Facenda – coma era o caso do Servizo de Defensa da Competencia- senón que participa integramente, en forma e fondo, da plena independencia do CGC no exercicio das súas funcións de investigación e instrución. Neste marco, o artigo 25 da Lei encoméndalle a instrución dos expedientes de infracción. En particular, a subdirección de investigación é a unidade competente para :

- a) Instruír e elevar a correspondente proposta de resolución dos expedientes sobre condutas restritivas da competencia referidos no artigo 3 da presente Lei, conforme aos procedementos establecidos na Lei 15/2007, de defensa da competencia, e no Regulamento aprobado por Real decreto 261/2008, de 22 de febreiro, ou normativa que os substitúa.

- b) Resolver sobre as cuestións incidentais que puidesen exporse no marco da instrución deses expedientes.
- c) Vixiar a execución e cumprimento das resolucións e acordos adoptados en aplicación da presente Lei.
- d) Elaborar os informes sobre condutas restritivas referidos no artigo 4.1 e 2 da presente Lei.
- e) Elaborar os informes sobre control de concentracións previstos no artigo 4.3 da presente Lei.
- f) Colaborar, no ámbito das súas funcións, cos organismos homólogos das comunidades autónomas e da Administración xeral do Estado. En especial, corresponde á Subdirección de Investigación a competencia para realizar e recibir as notificacións a que se refiren os artigos 2.1, parágrafo primeiro, e 2.2, parágrafo primeiro, da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

### 3.2.1. Entradas no ano 2011

O 2011 supuxo un incremento substancial do número de asuntos sometidos á unidade de investigación verbo dos dous exercicios precedentes. A porcentaxe de aumento sitúase no umbral do 100% en cómputo bianual. O ritmo de entrada foi bastante uniforme se ben produciuse unha certa concentración nos primeiros e últimos meses do ano.


Entradas	2009	2010	2011
Servicio de Defensa da Competencia	12	14	9
Subdirección de Investigación	/	/	14
			23

### 3.2.2. Entradas por sectores

A análise deste sector está condicionada polos límites que a Lei 1/2002 impuxo á actividade investigadora das Autoridades de Competencia autonómicas, malia o cal cómpre destacar a pluralidade de sectores concernidos por presuntas prácticas anticompetitivas. Determinadas prácticas dos colexios profesionais, en moitos casos derivadas da súa propia normativa, copan o meirande número de reclamacións, situación por outra parte común a todas as unidades de investigación autonómicas.

O número de asuntos relativos aos sectores agrario e da automoción reflicte dalgún xeito a súa importancia na economía galega. Neste senso, debe destacarse a súa extensión obxectiva e os afectados potenciais das prácticas denunciadas.

Mención aparte merecen as queixas en materia de uniformes escolares, froito inmediato do labor de promoción do CGC. O interese polo posible carácter anticompetitivo de certos comportamentos e a incidencia dos prezos dos uniformes para as economías familiares deu lugar a un elevado número de peticións de información e á interposición de dúas denuncias no ano 2011.



### 3.2.3. Investigacións iniciadas

Mostra do crecente coñecemento do GCG por parte da sociedade galega é a enorme proporción de investigacións iniciadas a instancia de parte verbo das verificadas de oficio.

Investigacións	2011
De oficio	3
Por denuncia	20

### 3.2.4. Órgano de asignación

Outra manifestación do grao de penetración social do CGC radica en que a práctica totalidade das investigacións foron iniciadas pola SUBDIC. As procedentes da asignación de casos nados dunha denuncia presentada ante a Dirección de Investigación da CNC. Este extremo é sintomático verbo do acontecido nos dous exercicios precedentes.

Investigacións	2011
Iniciadas pola Subdirección de Investigación	20
Remitidas pola DI da CNC	3
Investigacións remitidas pola DI da CNC	
Expte. Núm.	Ano
4/2011	2011
16/2011	2011
23/2011	2011
	Data de remisión da CNC
	18/01/2011
	01/09/2011
	10/10/2011

### 3.2.5. Información reservada e instrucción

Por razón da fase do procedemento seguido ante a unidade de investigación, o seguinte cadro distingue entre os expedientes sometidos á información reservada e aqueles sobre os que xa foi incoado un procedemento sancionador. Cómpre destacar que a totalidade das actuacións de información reservada e as de instrucción, foron adoptadas pola SUBDIC desde maio de 2011.

Fases do procedemento	2011
Información reservada	15
Fase de instrucción	5

EXPEDIENTES SANCIONADORES EN FASE DE INSTRUCIÓN			
Expte. Núm.	Ano	Data do Acordo de Incoación	Situación a finais do 2011
12/2011	2011	7/9/2011	En trámite
15/2010	2010	8/9/2011	En trámite
18/2011	2011	30/9/2011	En trámite
19/2011	2011	30/9/2011	En trámite
12/2009	2009	5/11/2011	En trámite

### 3.2.6. Propostas de resolucións:

No ano 2011 foi ditada tan só unha proposta de resolución, na que se propuxo o arquivo da denuncia presentada. Non foi emitida ningunha proposta de resolución sancionadora.

Propostas de resolucións	2011
Proposta de sanción:	0
Proposta de arquivo	1

# 04.

**Obxectivo do CGC para 2013**





## 4.1. Diagnóstico da situación

A adopción de importantes medidas de carácter estrutural e de contención do gasto na Economía española están pendentes de producir os seus froitos nun contexto marcado pola dúbida e a inestabilidade. Esta situación xeral deixa sentir os seus efectos en Galicia de xeito evidente. O tecido industrial galego, formado fundamentalmente por pemes e a dificultade de acceso ao crédito mantense en 2012 o que fai que o panorama económico sega a ser especialmente delicado no horizonte do 2013.

Esta situación esixe desde as administracións públicas non so manter, senón reforzar o impulso de políticas favorecedoras do funcionamento competitivo, promovendo políticas procompetitivas e, ao mesmo tempo, eliminando os obstáculos á competencia, sancionando, no seu caso, as prácticas que as restrinxan. A defensa e promoción da competencia continúan a ser, elementos esenciais para poder superar a crise e emprender de xeito decisivo a senda da recuperación económica.

## 4.2. Estratexias en que incide

A creación do Consello Galego da Competencia pola Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia, ten demostrado ser unha oportunidade que non se debe desaproveitar para impulsar o funcionamento competitivo do mercado galego.

A súa posible fusión con Consumo pode resultar proveitosa desde a perspectiva do interese de Galicia pola ampla coincidencia de intereses. Non obstante, mentres o proceso non se concrete o CGC vai traballar nas mesmas liñas que se recolleron no seu Plan de lanzamento para os anos 2011-2012, afondando nos seus obxectivos e prioridades, tendo en consideración que as referidas a plena posta en funcionamento do Consello tense cumprido xa de xeito satisfactorio.

As prioridades do CGC para o próximo ano son:

- 1º Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
- 2º Protección dos consumidores fronte a condutas anticompetitivas.
- 3º Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que teñan incidencia na libre competencia do mercado.

## 4.3. Obxectivos operativos

### A) Obxectivos relacionados coa función sancionadora.

- 1º Resolución eficiente das denuncias.
- 2º Posta en marcha de mecanismos eficaces de vixilancia dos mercados galegos e fomento das actuacións de oficio.

### B) Obxectivos relacionados coa función de promoción da competencia.

- 3º Elaboración de informes sobre sectores económicos.
- 4º Asesoramento e control da actividade da Administración relacionada coa libre competencia.

# 05.

## Informe sobre a situación da competencia en Galicia no ano 2011 (sector comercial)

### 5.1.- Introducción

Un ano máis, o Consello Galego da Competencia continúa a facer o seu informe sobre a situación da competencia en Galicia correspondendo o do ano 2011 ao sector comercial. O informe elabórase en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia e ten como base unha consulta realizada a empresas comerciais galegas para coñecer a súa percepción sobre a competencia.

O informe sobre a situación da competencia, que primeiro o Tribunal Galego de Defensa da Competencia e agora o Consello Galego da Competencia veñen realizando de forma ininterrompida desde o ano 2006 se está a amosar coma un instrumento especialmente valioso tanto para coñecer o impacto da actuación do Consello como para orientar accións futuras. Ademais, o valor do informe se incrementa na medida en que, co paso dos anos, permite facer comparacións e constatar a evolución da percepción sobre a competencia entre os empresarios galegos.

No presente informe, a situación xeral da competencia en Galicia analízase a través dos resultados do estudo das percepcións sobre a competencia por parte dos responsables das empresas galegas do sector comercial levado a cabo por iniciativa do Consello Galego da Competencia no ano 2011.

### 5.2.- Estudo sobre a percepción da competencia das empresas comerciais galegas

#### 5.2.1.- Obxectivos do estudo e ficha técnica

No ano 2006, á vista da necesidade de coñecer a situación da defensa da competencia en Galicia, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia decidiu realizar un estudo pioneiro en España sobre a percepción da competencia polos empresarios da comunidade galega, utilizando como base os argumentos e os precedentes establecidos pola “Office of Fair Trading” do Reino Unido. A partir dese momento, o Tribunal continuou a repetir o estudo cada ano, alternando o seu enfoque entre as empresas comerciais e as non comerciais.


A principal finalidade do estudo e recoller a opinión dos empresarios galegos sobre as seguintes cuestións:

- 1º A frecuencia coa que se producen no seu sector determinadas condutas relacionadas coa competencia nos mercados e a súa evolución e efecto sobre a actividade da empresa.
- 2º Os valores relativos a algunhas percepcións sobre o mercado e a defensa da competencia en Galicia.
- 3º O grao de notoriedade dos órganos de defensa da competencia españois e galegos.


Na consulta realizada no ano 2011 fixéronse un total de 814 entrevistas. A ficha técnica do estudo e as características das empresas enquisadas son as seguintes:

FICHA TÉCNICA DO ESTUDO	
Tamaño da mostra	814 entrevistas
Erro da mostra	Nivel de confianza do 95,45% (dos sigmas). P=Q=50% como hipótese máis desfavorable, o erro máximo admitido para o conxunto da mostra é de $\pm 3,477\%$
Universo	Empresas comerciais con sede en Galicia correspondentes á sección G (divisións 45, 46 e 47) da Clasificación Nacional de Actividades Económicas CNAE 2009 (universo de 51.054 empresas, segundo o Directorio Central de Empresas do INE a 1 de xaneiro de 2011)
Afixación	Polietápica, proporcional segundo o tipo de comercialización (venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas; polo xunto e intermediarios; ou polo miúdo); aleatoria para a selección da empresa utilizando como fonte a base de datos ARDAN GALICIA do ano 2011, e bases de datos propias da empresa
Selección mostral	Realizada de forma aleatoria afixada proporcionalmente por tamaño e sector, tendo en conta criterios de representatividade provincial
Recollida de información	Telefónica asistida por computador (sistema CATI)
Período da enquisa	12 de decembro de 2011 ao 30 de decembro de 2011



## 5.2.2 Características das empresas enquisadas



Seis de cada dez empresas do total de establecementos comerciais enquisados intégranse no sector polo xunto, o resto pertencen o sector polo miúdo (case tres de cada dez) e a venda e reparación de vehículos a motor e motocicletas (un de cada dez).




Case o 80% das empresas comerciais enquisadas atópanse localizadas nas provincias de A Coruña e Pontevedra, sendo a porcentaxe restante distribuída entre as provincias de Ourense e Lugo.




Catro de cada dez empresas comerciais enquisadas localízanse nunha zona céntrica de forma independente (39,7%); tres de cada dez atópanse nunha zona non céntrica de forma independente (30,7%). Así, é de destacar o alto número de empresas que non se localizan en zonas céntricas.

36 / 37


Informe sobre a situación da competencia en Galicia no ano 2011 [sector comercial]



Oito de cada dez empresas comerciais enquisadas afirman levar máis de 10 anos de actividade no mercado, que xunto coas que afirman levar de 5 a 10 anos, case supoñen o 95% do total das empresas consultadas.




Oito de cada dez empresas comerciais enquisadas son independentes, mentres que preto de dous de cada dez pertence a unha cadea de comercios, a unha rede de franquías/concesionarios ou a unha empresa produtora.



Case o 20% das empresas comerciais enquisadas teñen máis de 10 persoas traballando no seu establecemento, mentres que case o 18% soamente conta cunha persoa.


Preséntanse a continuación os resultados máis saliantables do estudo realizado a partires da enquisa.

### 5.2.3.- A importancia da libre competencia




Existe unha alta porcentaxe de empresas comerciais entrevistadas que consideran que a competencia fai mellorar o comercio, favorece aos consumidores, é boa para a sociedade e mellora, en xeral, a eficacia das empresas, como fiel reflexo da consideración

dos beneficios da libre competencia nos mercados. Se ben, existe un 17,2% das empresas que consideran que a competencia non fai mellorar o comercio e entre un 6% e un 8% que non favorece aos consumidores nin a sociedade. Este aspecto deriva da opinión que as pequenas empresas comerciais atopan dificultades para enfrontarse a unha elevada competencia, fundamentalmente debido o seu reducido tamaño.




Preto do 50% das empresas comerciais enquisadas consideran que existe escasa ou nula regulación no seu sector para que prevaleza unha competencia xusta e libre, mentres que un 35,5% considera que esta é suficiente. Destacar, que un 10% das empresas consultadas responde descoñecer se o nivel de regulación do seu sector é nulo, escaso, suficiente ou excesivo.




Máis do 80% das empresas comerciais enquisadas cren que deben ser as administracións públicas as que garantan a existencia de mercados competitivos. O nove por cento das empresas consideran que ese papel correspóndelle aos propios mercados a través dunha autorregulación da oferta e a demanda, evitando prácticas colusorias ou de dominio.

## 5.2.4.- Grao de coñecemento das condutas prohibidas





Con relación o grao de coñecemento das condutas prohibidas, arredor dun 20% das empresas comerciais enquisadas non coñecen as prohibicións relativas ós acordos entre empresas competidoras para fixar prezos, expulsar a un competidor do mercado ou repartirse os clientes ou zonas onde comercializan os seus produtos. En ocasións, aínda sabendo que estas prácticas están prohibidas, consideran que sería adecuada a súa legalización.


Falando en termos xerais, nunha escala de 1 a 10, onde 1 sería “O meu mercado está pechado, ten moitas barreiras á entrada de novas empresas” e 10 sería “O meu sector está libre de barreiras á entrada de novas empresas”, ¿onde situaría vostede a súa opinión?







As empresas comerciais consideran que existe un certo grao de liberdade de entrada de novas empresas no seu sector (6,78 sobre 10), se ben, un 14% recoñece que o seu mercado está cerrado y ten moitas barreiras á entrada de novas empresas (valores iguais ou menores a 4).






Máis do 27% das empresas manifestan que sucede con moita ou bastante frecuencia que en operacións similares aplícanlle condicións distintas que a outras empresas. Esta porcentaxe de frecuencia vese reducida na imposición da compra dun produto ou dun surtido completo o comprar outro, e nos prazos de pago excesivos, cun 13% e 14% respectivamente.





Sete de cada dez empresas comerciais consultadas consideran que o comercio empeorou debido a apertura de grandes establecementos comerciais, se ben seis de cada dez considera que incrementou a súa competitividade. No caso dos consumidores, estes resultaron beneficiados segundo as empresas xa que máis de seis de cada dez responsables consultados están totalmente ou bastante de acordo con esta afirmación. Máis da metade das empresas comerciais enquisadas consideran que a liberdade de horarios favorece aos consumidores e a competencia [53,3%], fronte a un 41,3% que manifesta estar totalmente ou bastante de acordo con esta afirmación.

## 5.2.6.- Coñecemento das autoridades de defensa da competencia




Aproximadamente o 70% das empresas comerciais enquisadas manifestan non coñecer a existencia do "Consello Galego da Competencia", fronte a un 14% que si o coñecen e un 15,7% que lles sona.

Case unha empresa de cada dez que coñece o Consello afirma haber consultado algunha vez a súa páxina web.

## 06. Comparación con resultados do estudo do ano 2009




**Falando no contexto xeral dos negocios no sector como o seu**  
**¿Con qué frecuencia considera que ocorren as situacións seguintes?**



Se representa a porcentaxe de respostas correspondentes ás categorías: "Ocorre raramente", "Ocorre con bastante frecuencia" e "Ocorre con moita frecuencia".

En xeral, diminuíu, no ano 2011 con respecto o 2009, a porcentaxe de empresas comerciais que consideran que se venden produtos por debaixo do seu custo e os acordos entre empresas competidoras para repartirse o mercado, sendo máis destacable a redución neste último caso.


**Se nos centramos na relación cos seus provedores (subministradores),**  
**¿Ten vivido con moita, pouca ou ningunha frecuencia as situacións que lle vou a describir?**




Se representa a porcentaxe de respostas correspondentes ás categorías: "Ocorre raramente", "Ocorre con bastante frecuencia" e "Ocorre con moita frecuencia".

Detéctase, en xeral, un menor abuso por parte dos subministradores das empresas comerciais galegas, en canto que existe unha menor porcentaxe de empresas no 2011 que consideran que os seus provedores lle impoñen prazos de pago excesivos (axudou en parte a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro), condicións distintas a outras empresas para operacións similares ou que sen xustificación non lle vendan produtos.

Para avaliar a súa percepción sobre o mercado,  
¿poderíame indicar o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións?  
BASTANTE OU TOTALMENTE DE ACORDO



¿Consultou algunha vez a páxina web do “Consello Galego da Competencia”?



En canto a consulta da páxina web do Consello Galego da Competencia, compre destacar o importante incremento de empresas comerciais que fixo uso da mesma nos últimos anos.

# Consello Galego da Competencia

Área Central, 1º - L34  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
t. 981 95 75 63 • f. 981 95 75 60

